

CRÓNICA PARLAMENTARIA DO PRIMEIRO PERÍODO DE SESIÓNS DE 1994

José Antonio Sarmiento Méndez

Letrado do Parlamento de Galicia

Profesor de Dereito Constitucional

I.- INTRODUCCIÓN

Con carácter previo ó análise da actividade parlamentaria correspondente ó primeiro período de sesións de 1994 (do 1 de febreiro ó 31 de xuño) é necesario facer unha serie de consideracións. En primeiro lugar debe subliñarse o novo «statu quo» xenerado coa celebración das eleccións autonómicas de 1993. Isto é así porque xa que o Grupo Parlamentario Popular, (que como na anterior lexislatura sostén ó Goberno), viu enormemente ampliada a súa maioría nesta cuarta lexislatura. Sirva a título de exemplo lembrar como a ausencia de un só parlamentario na Cámara podía implicar no último período a imposibilidade de superar unha votación por parte de un proxecto gubernamental.

A acentuación da maioría absoluta por parte do Grupo maioritario que respalda ó Goberno leva consigo, como é ben sabido, unha serie de consecuencias relevantes no funcionamento de calquera Cámara lexislativa. Con razón se leva falado, sobre todo despois da II Guerra Mundial, da existencia de unha crise do parlamentarismo, deixando entrever con esta expresión a pérdida progresiva de influencia dos Parlamentos en favor da preeminencia da actividade e peso político dos executivos. Neste orden de cousas cabería falar no caso galego de unha «doble crise» do parlamentarismo por canto a existente con carácter xeral xa apuntada, nas sociedades occidentais, súmase a nova correlación de forzas existente na Cámara, claramente descompensada en favor do Grupo parlamentario maioritario.

O feito de terse adicado os dous últimos meses do ano 1993 á substanciación de procedementos de tipo interno (Sesión constitutiva, Sesión solemne de

apertura de lexislatura e Sesión de Investidura do Presidente da Xunta), supuxo que o período inicial do presente ano acadara un importante grado de adicación plena ás actividades clásicas do Parlamento (lexislativa e control político). Como se apreciará polos datos que imos analizar, tanto as funcións lexislativas coma de control e impulso político tiveron gran auxe neste período de sesións.

Unha innovación importante, facilmente apreciable, é o importante caudal de proxectos lexislativos remitidos polo Consello do Goberno Galego. Importancia cuantitativa que alcanza a súa transcendencia si se toma en conta que coincidiu coa tramitación parlamentaria da Lei de Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 1994, que como é ben sabido absorbe na práctica totalidade a actividade da Cámara durante o seu tratamento.

Boa parte destes proxectos lexislativos proviña de iniciativas caducadas na anterior lexislatura (por exemplo o proxecto de lei de creación do ente público Portos de Galicia, o proxecto de lei de Estradas de Galicia, ou o proxecto de lei de Protección Ambiental de Galicia entre outros), o cal matiza a relevancia numérica dos proxectos totales presentados (9). Maior interés ten reseñalo importante pulo que na tramitación dos proxectos se ten observado. Deste xeito cabe apuntar que do total de nove proxectos presentados soio un deles (o proxecto de lei de creación do Consello Consultivo de Galicia) non foi tratado polo Pleno da Cámara antes de remata-lo período de sesións (o cal é lóxico debido á tardía data de entrada no Rexistro e publicación no BOPG do 27 de xuño de 1994).

II.-COMPOSICIÓN DA CÁMARA

Recolleremos aquí a distribución dos 75 deputados que, despois da reforma da lei de Eleccións ó Parlamento de Galicia, compoñen o Pleno da Cámara. O Grupo Parlamentario Popular está integrado por un total de 43 deputados, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por 19 e o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por 13. Esta composición presenta, como principal novidade a ausencia de un grupo parlamentario mixto que xa contaba con certa tradición nas anteriores lexislaturas. Os datos anteriormente citados supoñen que o Grupo Parlamentario Popular conta con un 58% dos deputados da Cámara, o Grupo Parlamentario Socialista co 25%, namentras que o Grupo Parlamentario do BNG supón un 17% da representación plenaria.

O cargo de Presidente do Parlamento, previsto artigo 31 do Regulamento do Parlamento de Galicia, recaeu novamente no Excmo. Sr. D. Victorino Núñez Rodríguez, que é acompañado á hora de integra-la Mesa da Cámara polo Ilmo. Sr. D. José María García Leira, Vicepresidente 1º, o Ilmo Sr. D. Miguel Ángel Cortizo Nieto, Vicepresidente 2º, Ilmo. Sr. D. Tomás Iribarren Fernández-Rogina, Secretario, e o Ilmo. Sr. D. Bautista Goyel Álvarez Domínguez, Vicesecretario. A principal novidade da composición da Mesa para esta lexislatura ven dada pola presenza na mesma de un representante do G.P. BNG, ademais dos tres do G.P. Popular e un do G.P. Socialista.

Os Grupos Parlamentarios designaron ó inicio de este período de sesións ós seus portavoces titulares nas persoas do Excmo. Sr. D. Victor Manuel Vázquez Portomeñe (G.P. Popular), Ilmo. Sr. D. Manuel Ceferino Díaz y Díaz (G.P. Socialista) e o Ilmo. Sr. D. Xosé Manuel Beiras Torrado (G.P. BNG).

III.- ACTIVIDADES DOS ÓRGANOS DA CÁMARA

O órgano por antonomasia do Parlamento é o Pleno, tal e como aparece recollido nos artigos 53 e 54 do Regulamento do Parlamento de Galicia. Un total de 16 sesións plenarias se celebraron no período obxecto de análise, as cales implicaron 28 días de sesións.

O Parlamento de Galicia intégrase naquela corrente moderna que parte de facer depender o seu funcionamento do importante papel atribuído ás distintas comisións parlamentarias. Neste orden de cousas un total de 115 sesións teñen celebrado as distintas comisións, lexislativas e non lexislativas ó longo deste período de sesións. Chaman a atención de xeito especial as 18 reunións da Comisión 3ª, de Economía, Facenda e Presupostos, que derivan fundamentalmente da tramitación do proxecto de lei de Presupostos Xerais para a Comunidade Autónoma para o ano 1994. A tramitación deste texto lexislativo comporta ademáis do debate preceptivo de elaboración do dictame da Comisión, unha serie de comparecencias previas no seo da mesma para que os responsables dos distintos departamentos administrativos den cumprida conta das partidas presupostarias que lles afectan. Ó carón da sobranceira actividade da Comisión 3ª están as 12 reunións da Comisión 2ª, de Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios, que ademais de un importante labor de

control, ten levado a cabo a tramitación do proxecto de lei de Estradas de Galicia. Importante actividade por último a da Comisión 4ª, de Educación e Cultura, centrada de xeito casi exclusivo na actividade de control e impulso político do executivo. Débese deixar constancia do funcionamento das tres comisións non permanentes ó longo deste período de sesións. Ademais da única reunión da Comisión de Regulamento e da de seguimento e control do Plan de financiamento do sistema universitario de Galicia debe recollerse a importante actividade (9 reunións) da Comisión de Seguimento do Plan Forestal de Galicia e as seis reunións celebradas pola Comisión de Investigación sobre as irregularidades denunciadas en obras realizadas en Verín e Castrelo do Val. Non faremos expresa referencia ás numerosas reunións mantidas polos órganos de goberno e dirección interior da Cámara (Mesa e Xunta de Portavoces), polo seu carácter máis programador da actividade da Cámara e menos sustantivo.

IV.- PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

A) Procedementos normativos

Ó longo deste primeiro período de sesións completaron a súa tramitación acadando forza de lei tres textos legislativos. A Lei 1/1994, do 30 de marzo, de Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1994 cumpre, con tres meses de retraso, as esixencias constitucionais de unha lei anual de presupostos. Como quedou reflexado con anterioridade, a tramitación do texto presupostario ocupou unha parte importante das sesións dos distintos órganos parlamentarios. Ó lado deste texto de contido fundamentalmente económico, a Cámara prestou a súa aprobación á reforma de dous textos que contaban xa cun decenio de antigüidade no dereito estatutario galego. Por unha banda procédese á modificación da Lei 4/1984, do 4 de maio de Cámaras Agrarias, reforma que xa fora plantexada ó longo da terceira lexislatura e que dirá ocasión ó debate tamén de unha proposición de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, solicitando a derogación total da Lei 4/1984. O seu eixo fundamental sitúase na adecuación á xurisprudencia do Tribunal Constitucional respecto ó requisito da afiliación obligatoria por parte dos profesionais das Cámaras Agrarias; sen entrar no fondo da análise xurídica desta lei, gustaríanos facer un chamamento acerca da defectuosa técnica legislativa utilizada á hora de proceder á reforma da lei orixinal, por canto deixándose clara constancia nos debates parlamentarios da

vontade do Goberno de suprimi-las Cámaras Agrarias locais, a lei de reforma mantén as referencias do texto de 1984 ós citados órganos locais.

Por outra banda, o Pleno da Cámara, na súa sesión do día 28 de xuño de 1994 prestou a súa aprobación definitiva á Lei de reforma da lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo. Esta modificación lexislativa obedece ás solicitudes formuladas nas sucesivas memorias anuais desta institución nas que se consideraba conveniente reformar o marco normativo no que se desenvolve.

Os restantes sete proxectos de lei presentados polo executivo atopábanse, ó remate deste período de sesións, en trámite, cabendo subliña-la avanzada fase de tramitación do proxecto de lei de Estradas de Galicia, tan só pendente de aprobación definitiva polo Pleno da Cámara.

No tocantes ás proposicións de lei, non foron tomadas en consideración polo Pleno da Cámara as correspondentes ás axudas á prensa escrita en lingua galega e a xa citada de derogación da Lei 4/1984 de Cámaras Agrarias. A proposición de lei de Dereito Civil Especial de Galicia, iniciativa conxunta de tódolos grupos parlamentarios atópase en tramitación parlamentaria.

Pola súa singular natureza xurídica faremos referencia á tramitación da proposición de lei de reforma do Regulamento da Cámara, a iniciativa do G.P. Socialista, que pretende, básicamente, obte-la publicidade para as sesións das comisións de investigación parlamentarias.

A iniciativa lexislativa popular recoñecida no noso ordenamento xurídico autonómico encontrou unha dobre plasmación, no referente ó inicio dos seus trámites ó longo deste primeiro período de sesións. Deste xeito iniciaron o seu iter parlamentario as proposicións de lei da iniciativa popular para a creación do Grupo Empresarial Lácteo Galego, e a que pretende a Configuración do Mapa de Titulacións do Campus Universitario de Ourense.

Dando cumprimento ó artigo 10, apartado primeiro, letra f) do Estatuto de autonomía de Galicia, o Parlamento galego designou ós deputados correspondentes para a defensa, perante o Congreso dos Deputados, no Pleno do día 22 de decembro de 1993, de dúas proposicións de lei que pretendían a transferencia á Comunidade Autónoma da competencia estatal en materias de

portos galegos de interese xeral e a modificación do artigo 82 da Lei xeral de sanidade estatal, no referente ó financiamento da asistencia sanitaria da Seguridade Social.

B) Procedementos institucionais

Debemos facer referencia neste apartado ó acto inicial que instaura as relacións dialécticas entre o Parlamento e o Executivo, que como é ben sabido dimana da figura preeminente do Presidente da Xunta. Dando cumprimento ó apartado d) do núm. 1 do artigo 10 do Estatuto de Autonomía, o Parlamento de Galicia, nos Plenos celebrados os días 29 de novembro e 1 de decembro de 1993, procedeu á investidura como Presidente da Xunta de Galicia do Excmo. Sr. D. Manuel Fraga Iribarne.

C) Procedemento de control e impulso político

Unha visión aproximada á actividade de control e impulso desenvolta polo Pleno do Parlamento, indícanos a baixa porcentaxe de mocións aprobadas respecto ó total das tramitadas (un 9%). Trátase de tres mocións relativas, a primeira delas, á recaudación de recibos da cuota empresarial da Seguridade Social agraria, a iniciativa do G.P. do BNG, outra relativa á aplicación do canon de saneamento aprobado pola lei reguladora da administración hidráulica de Galicia e unha terceira sobre a realización de xestións ante a administración central e a Unión Europea para a revisión da política pesqueira comunitaria, no referente ás restriccións da flota galega para faenar en augas comunitarias. Como se pode apreciar, trátase en dúas ocasións, de iniciativas que pretenden instar actuacións da Xunta en relación coa Administración Central e nunha terceira téntase volver sobre un tema que se ten xa debatido en repetidas ocasións en sede parlamentaria, resultando fortemente polémico (o canon de saneamento).

Deixar constancia aquí da tramitación pouco exitosa das restantes 13 mocións presentadas no Pleno entre as que podemos subliña-la relativa á factoría de ELNOSA, en Pontevedra, a que versou sobre os criterios que se deben serguir na regulación das concentracións parcelarias (ambas iniciativas do G.P.

do BNG) e a que tocou o seguimento parlamentario do proceso iniciado co concurso convocado por SOGAMASA, para a construción das instalacións necesarias para a posta en marcha do plan de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.

O instrumento de impulso e control máis utilizado polos grupos parlamentarios é o das proposicións non de lei, ata o punto de que nos períodos de sesións obxecto de análise se teñen presentado un total de 72 en comisión, e 41 para a súa tramitación ante o Pleno. Dos datos globais conclúese unha maior porcentaxe de tramitación de aquelas proposicións non de lei que tentan o seu substanciamento nas distintas comisións (un total de 56), namentras as que achan o seu tratamento no Pleno non son máis de un 50%. No referente a estas últimas, resultaron aprobadas un total de 5: a formulada polo G.P. Socialista sobre a adopción de medidas respecto da aplicación de cuotas lácteas complementarias e a mellora das explotacións, a formulada polo G.P. do BNG sobre a reapertura de ASTANO á construción de buques e a participación da Administración Autonómica na empresa, a formulada polo G.P. Socialista sobre a concesión feita polo Goberno á central de empresas «Electra del Viesgo» e «Hidroeléctricas del Cantábrico» de aproveitamento hidráulico «Suarna», no río Navia, e a adopción de medidas ó respecto, a formulada polo G.P. Socialista á Cámara sobre o apoio á recuperación da empresa «PICUSA» de Padrón, con axudas do Goberno galego e contactos coa Generalitat de Cataluña para clarifica-la situación da devandita sociedade e por último a formulada polo G.P. Socialista sobre o traslado á Administración Central do acordo relativo á situación do sector naval da ría de Vigo, para o cumprimento xunto ó Goberno galego dos puntos deste que respectivamente lles competen. Volvemos a apreciar aquí como a práctica totalidade das iniciativas que resultan aprobadas neste eido do impulso político gardan relación coa actividade da Administración Central en Galicia e a posible actuación que ó respecto lle solicita o Parlamento á Xunta autonómica.

Respecto ás proposicións non de lei tramitadas en comisión, conseguiron ser aprobadas un total de 12, o cal supón tamén unha porcentaxe máis alta de éxito na súa tramitación que as substanciadas no Pleno da Cámara. O seu contido adoita ser moito máis puntual que o das debatidas no Pleno da Cámara, chamando a atención pola súa xeneralidade (materia casi propia de unha interpelación parlamentaria) a formulada polo BNG sobre os Asteleiros da ría de

Vigo que resultou aprobada na sesión da Comisión 6ª de Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, na súa sesión do día 22 de xuño de 1994.

D.- Procedementos de información

Atopámonos ante aquel grupo de instrumentos parlamentarios que teñen como principal obxectivo o de proporcionar ós Srs. deputados os datos precisos sobre a actividade dos distintos sectores da administración autonómica.

Un primeiro procedemento a tomar en conta é o das comparecencias por parte de membros do Goberno galego. Ó longo deste primeiro período de sesións de 1994 tiveron lugar catro comparecencias de membros do Goberno ante o Pleno da Cámara. Cecais a máis relevante foi a do propio Presidente da Xunta de Galicia con motivo de informar sobre as razóns da crise aberta na Xunta de Galicia pola dimisión do conselleiro de Industria e Comercio D. Juan Fernández, que tivo lugar no Pleno do día 10 de maio de 1994. Con anterioridade a esta comparecencia o citado conselleiro de Industria e Comercio rendiu contas no Pleno da Cámara en dúas ocasións: para explica-la súa política en materia de telecomunicación e telefonía rural, e para explica-los obxectivos do plan de choque do comercio en Galicia. Por último produciuse a comparecencia da Excm. Sra. Dona Manuela López Besteiro, conselleira de Familia, Muller e Xuventude, para informar do plan de emprego xuvenil.

O número total de comparecencias residenciadas en comisión foi moito maior (18), se ben representa unha cantidade moi reducida respecto ó total das solicitadas (37). Unha longa serie de comparecencias solicitadas con motivo de pedi-la información dos distintos membros do Goberno galego sobre as liñas xerais das actuacións dos seus conselleiros non chegaron a ser substanciadas, por canto ó parecer do grupo parlamentario maioritario, a súa superposición temporal coas comparecencias explicativas dos presupostos facíanas innecesarias. Especial transcendencia teñen alcanzado as comparecencias rendidas polo Excmo. Sr. conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda ante a Comisión 2ª do Parlamento. Por unha banda, na sesión do día 1 de marzo de 1993 tramitáronse conxuntamente dúas solicitudes de comparecencia do Grupo Parlamentario Socialista e do propio Goberno, para que o Sr. Conselleiro informase sobre as irregularidades denunciadas en diversas obras dos concellos

de Verín e Castrelo do Val. Igualmente, na sesión do día 31 de maio do 94, tivo lugar a comparecencia do Sr. Conselleiro ós efectos de informar sobre todo o relativo á planificación hidrolóxica.

Unha comparecencia que, polo seu contido temático, pudo ser desenvolta no Pleno da Cámara, foi a do Excmo. Sr. conselleiro de Industria e Comercio, con motivo de informar das liñas de actuación da Consellería e dos cambios de persoal, así como das solucións que precisan unha serie de empresas en crise do sector industrial de Galicia. Por último deixar constancia da comparecencia do Sr. Conselleiro de Economía e Facenda para informar sobre o déficit da Xunta de Galicia no exercicio presupostario de 1993 e as súas posibles desviacións.

Intimamente relacionados coas xa analizadas mocións parlamentarias están aqueles procedementos que, tramitados ante o Pleno da Cámara pretenden inquirir sobre a actuación do Executivo en materia de política xeral ou cuestións de acentuada relevancia e que adoitan a denominación de interpelación. De un total de 54 que foron presentadas neste período de sesións completaron a súa tramitación 27. Subliñaremos aquí as que ó noso parecer se ciñen máis estrictamente ó concepto regulamentario de interpelación. Deste xeito atopamos a formulada por Dona María Xosé Porteiro García sobre a aplicación e o desenvolvemento da lei de creación da renda de integración social de Galicia e previsión do Goberno galego ó respecto, a formulada por D. Alfredo González Canal sobre o proceso de privatización e desprofesionalización que está a leva-la Xunta de Galicia coa Administración Pública, e a presentada por este último deputado en compañía de D. Emilio López Pérez sobre a proposta da Comisión Europea, a propósito da reforma da organización común do mercado vitivinícola.

Como ten ocorrido noutros períodos parlamentarios, son as preguntas os instrumentos máis utilizados cuantitativamente. Acerca das actividades do Executivo foron presentadas un total de 109 preguntas orais para a súa tramitación en Pleno, das cales lograron ser incluídas nas respectivas orden do día un total de 43. Respecto ás preguntas orais que pretenden a súa contestación en comisión, foron presentadas un total de 325, acadando a súa tramitación 179. Por último, aquelas preguntas que pretenden unha resposta escrita da Administración Autónoma foron rexistradas nun número de 97, respondéndose 56.

E.- Procedementos electivos

O Parlamento de Galicia ten atribuídas unha serie de competencias respecto á elección dos membros dos órganos que afectan ós diferentes sectores da vida social da Comunidade Autónoma. Trátase das previsións contidas en leis como a creadora do Consello de Contas de Galicia, en virtude da cal (Disposición transitoria segunda da lei 6/1985, do 24 de xuño) foron elixidos tres conselleiros do citado órgano, no Pleno celebrado o día 1 de xullo de 1994. Así mesmo, por imperativo do artigo 4 da Lei 9/1984, do 11 de xullo, produciuse a elección dos membros do Consello de Administración da compañía de Radio Televisión de Galicia. Na mesma sesión plenaria do 1 de xullo de 1994 o Pleno da Cámara procedeu á designación dos membros do Consello Asesor de RTVE en Galicia, conforme ó artigo 8 da Lei 10/1983, do 9 de decembro. Igualmente, o Parlamento cubre as vacantes de certos órganos rectores das Universidades galegas, e deste xeito en aplicación do artigo 6, apartado 1º da Lei 5/1987, do 27 de maio, procedeu á elección de seis membros do Consello Social da Universidade da Coruña. Igualmente en aplicación do artigo 9.3 da Lei 5/1987, do 27 de maio, procedeuse á elección de un membro do Consello Social da Universidade de Santiago.

Independientemente de estes órganos citados, xa se deixou constancia con anterioridade do procedemento previsto no artigo 10, apartado 1º, letra f) do Estatuto de Autonomía, no tocantes á designación dos deputados para a defensa perante o Congreso de dúas proposición de lei que quedaron reseñadas.

F.- Procedementos de relación con outras institucións e organismos

En relación á competencia que ten atribuída o Tribunal Constitucional no artigo 161.1 apartado b) da Consitución, o Parlamento de Galicia tomou coñecemento da admisión a trámite da demanda presentada no recurso de amparo núm. 2.273/1993, presentado por D. Xosé Manuel Beiras Torrado contra resolución do Presidente do Parlamento de Galicia do 18 de xuño de 1993.

O Tribunal de Contas do Estado ten atribuído, no artigo 136 da Constitución o carácter de supremo órgano fiscalizador das contas e da xestión económica do Estado, así como do sector público.

En relación con esta competencia foron tramitados os informes de fiscalización das Contas Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes ós exercicios de 1983 a 1988, debatidos no Pleno da Cámara o día 28 de xuño de 1994. Igualmente debateuse o informe de fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma, exercicio de 1989, aprobado polo Pleno do Tribunal de Contas do Estado.

O artigo 14 do Estatuto de autonomía de Galicia prevé a existencia na Comunidade Autónoma de unha figura similar á establecida no artigo 54 da Constitución, que no noso ordenamento autonómico adoita a denominación de Valedor do Pobo. No período de sesións que estamos a referir produciuse a presentación do informe do Valedor do pobo correspondente ó ano 1993 que se substanciou no Pleno do día 14 de xuño de 1994.

A previsión estatutaria contida no artigo 53 referida á creación do Consello de Contas de Galicia, tivo os seus efectos na actividade do período que nos ocupa, por canto se tramitou o informe de fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma, exercicio de 1990, aprobado polo Pleno do Consello de Contas da Comunidade Autónoma. Ademais tamén se debateu o informe de fiscalización sobre as eleccións ó Parlamento de Galicia, do 17 de outubro de 1993.

G.- Procedementos de organización interna

Deixar constancia simplemente de dous procedementos xa citados, relativos á sesión constitutiva do Parlamento de Galicia, celebrada no Pleno do día 16 de novembro de 1993, que levou consigo a constitución da mesa de idade, a elección definitiva da Mesa do Parlamento, a constitución da mesma e a promesa ou xuramento de acata-la Constitución e o Estatuto de Galicia por parte dos Srs. deputados. Celebrouse tamén no Pleno do día 26 de novembro de 1993 a solemne declaración institucional de apertura da IV Lexislatura.

Por outra banda, e en profunda relación cos procedementos de control anteriormente comentados, tramitáronse dúas solicitudes de constitución de comisións de investigación. Unha delas referente (a referida ás irregularidades e responsabilidades na realización de obras de Verín e Castrelo do Val), e outra

delas rexeitada, a que versou sobre a actuación do Instituto de desenvolvemento comunitario, da asociación Grupo Local de Desenvolvemento Río Lor, e da Administración Autónoma no chamado plan Caurel.

H.- Declaracións institucionais

Un total de cinco declaracións institucionais foron substanciadas ó longo deste período de sesións, deixando a un lado a xa mentada de apertura da IV Lexislatura, debemos mencionala relativa á situación dos cidadáns de orixe africano que chegaron ó Estado Español no buque Scheepers, a declaración institucional relativa á declaración da cidade de Santiago de Compostela como Capital Europea da Cultura durante o ano 2000, aquela relativa á integración plena da flota española e galega na política pesqueira común e, por último, a relacionada coa empresa «Santa Bárbara» na súa factoría de A Coruña e a solicitude da Administración Central da continuidade do seu sistema productivo.